

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar sesión o próximo día 11 de xullo de 2017, ás 10:00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 4 de xullo de 2017, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto 1. Textos lexislativos

- 1.1 Proposta de tramitación polo procedemento de especial de lectura única do Proxecto de lei de impulso ao crecemento económico e reforzo do gasto social e de modificación da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017 (tramitado polo procedemento de urxencia) e, se é o caso, debate e votación do dito proxecto (doc. núm. 11320, 10/PL-000004)
- 1.2 Debate de toma en consideración da Proposición de Lei, do Grupo Parlamentario de En Marea, Integral de Identidade de Xénero de Galicia (doc. núm. 8698 -corrección erros 8779-, 10/PPL-000004)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 112, do 10.05.2017
- 1.3 Debate de toma en consideración da Proposición de Lei, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, integral de identidade de xénero na Comunidade de Galicia (doc. núm. 8700, corrección erros 8746, 10/PPL-000005)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 112, do 10.05.2017
- 1.4 Debate de toma en consideración da Proposición de Lei, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, integral de identidade de xénero da Comunidade Autónoma de Galicia (doc. núm. 8701, 10/PPL-000006)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 112, do 10.05.2017

Punto 2. Comparecencias

- 2.1 11428 (10/CPP-000030)
Da señora conselleira de Infraestruturas e Vivenda, por petición propia, para informar da situación e perspectivas do Plan de Transporte Público de Galicia

Acumúlase na anterior, a seguinte:
- 2.2 10919 (10/CPP-000028)
Da señora conselleira de Infraestruturas e Vivenda, a iniciativa do G. P. de

En Marea, do G. P. dos Socialistas de Galicia e do G. P. do BNG, para explicar o novo escenario en relación co transporte público de viaxeiros e viaxeiras por estrada en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 136, do 28.06.2017

- 2.3 11430 (10/CPP-000031)
Do señor conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por petición propia, para informar sobre a reorganización de centros

Acumúlase na anterior, a seguinte:

- 2.4 10938 (10/CPP-000029)
Do señor Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a iniciativa do G. P. de En Marea, do G. P. dos Socialistas de Galicia e do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para explicar o peche de centros educativos, a supresión de postos docentes e a oferta educativa para o vindeiro curso

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 136, do 28.06.2017

Punto 3. Mocións

- 3.1 10932 (10/MOC-000038)
Lago Peñas, José Manuel e Sánchez García, Antón
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de emprego. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 9766, publicada no BOPG n.º 124, do 07.06.2017, e debatida na sesión plenaria do 20.06.2017)

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 136, do 28.06.2017

- 3.2 10939 (10/MOC-000039)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención hospitalaria durante os meses de verán. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 9360, publicada no BOPG n.º 120, do 31.05.2017, e debatida na sesión plenaria do 20.06.2017)

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 136, do 28.06.2017

Punto 4. Propositions non de lei

- 4.1 8042 (10/PNP-000741)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa materia de historia da filosofía, de 2º de bacharelato, e as probas de

avaliación final de bacharelato, así como os aspectos que debe incluír ao respecto nas negociacións co Ministerio

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 105, do 26.04.2017

- 4.2 8631 (10/PNP-000810)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co control e seguimento dos incendios forestais provocados en Galicia, así como a axilización dos xuízos por esa causa
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 112, do 10.05.2017
- 4.3 9648 (10/PNP-000901)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Murillo Solís, María Guadalupe e 14 máis
Sobre a demanda ao Goberno de España para a promoción e establecemento de medidas que contribúan a garantir a seguridade viaria dos ciclistas
Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG n.º 124, do 07.06.2017
- 4.4 9980 (10/PNP-000932)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos complementos de nocturnidade e festividade que están a cobrar os profesionais dos puntos de atención continuada
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 128, do 14.06.2017
- 4.5 10414 (10/PNP-000970)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
González Vázquez, José e 13 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa modificación do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais no relativo ao imposto sobre os incrementos de valor dos terreos de natureza urbana, así como as destinadas a demandar dos concellos galegos a habilitación dos mecanismos destinados a axilizar os trámites necesarios para proceder á devolución das cantidades cobradas aos contribuíntes afectados
Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG n.º 132, do 21.06.2017
- 4.6 10444 (10/PNP-000975)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Sobre a ampliación de competencias da Comisión das Caixas para investigar a caída do Banco Pastor

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 132, do 21.06.2017

- 4.7 10795 (10/PNP-001014)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Leiceaga, Xoaquín María e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da venda do Banco Popular Pastor na marca Banco Pastor, nos postos de traballo existentes e nas persoas e colectivos afectados, así como nas actividades da Fundación Barrié de la Maza en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 136, do 28.06.2017

- 4.8 10801 (10/PNP-001016)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación coas propostas de legalización e normalización da práctica dos ventres de alugueiro ou xestión subrogada
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 136, do 28.06.2017

Punto 5. Interpelacións

- 5.1 1468 (10/INT-000054)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre a política do Goberno galego en materia de ensino no medio rural
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 21, do 29.11.2016
- 5.2 6953 (10/INT-000285)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a política da Xunta de Galicia en relación co desmantelamento de servizos ferroviarios Renfe-Feve no territorio galego
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 92, do 29.03.2017
- 5.3 7198 (10/INT-000298)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Leiceaga, Xoaquín María e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación co financiamento do Fondo de Compensación Interterritorial
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 96, do 05.04.2017

- 5.4 10071 (10/INT-000428)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre a política do Goberno galego en relación co intrusismo profesional
no ámbito sanitario
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 128, do 14.06.2017

Punto 6. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta


- 6.1 11322 (10/POPX-000043)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Leiceaga, Xoaquín María
Sobre o balance que fai o Goberno galego respecto da súa defensa dos
intereses de Galicia no que vai da X lexislatura
- 6.2 11394 (10/POPX-000044)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre o balance da xestión levada a cabo polo Goberno galego no primeiro
semestre de 2017
- 6.3 11395 (10/POPX-000045)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis
Sobre a avaliación que fai o Goberno galego respecto da xestión levada a
cabo en relación cos últimos conflitos xurdidos en Galicia

Punto 7. Preguntas ao Goberno

- 7.1 7011 (10/POP-000931)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para facilitar o acceso das
pemes aos contratos públicos autonómicos, en concreto, no sector dos
servizos de limpeza de edificios e locais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 92, do 29.03.2017
- 7.2 11388 (10/PUP-000100)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Prado, Martín e 10 máis
Sobre o posicionamento do Goberno galego en relación coa creación da
Área Metropolitana da Coruña
- 7.3 11392 (10/PUP-000101)

Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 13 máis
Sobre a posición que vai adoptar o Goberno galego en relación coas
propostas de actuación urbanística en Liñeiriños, no concello de Vigo

- 7.4 2648 (10/POP-000244)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 5 máis
Sobre a valoración pola Consellería de Sanidade e polo Servizo Galego de
Saúde da implantación do Plan ictus
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 43, do 12.01.2017
- 7.5 3857 (10/POP-000470)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto do restablecemento do
Servizo de Cirurxía Pediátrica as vinte e catro horas do día, durante todo o
ano, no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 58, do 02.02.2017
- 7.6 10347 (10/POP-001397)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa atención da cirurxía
pediátrica en Ourense
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 132, do 21.06.2017
- 7.7 10481 (10/POP-001412)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as provisións de fondos para cooperar cos concellos a través do Plan
de camiños rurais 2017-2018
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 132, do 21.06.2017
- 7.8 10738 (10/POP-001450)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre o número de brigadas de prevención e extinción de incendios dos
concellos que subscribiron o convenio de colaboración coa Consellería do
Medio Rural para a participación na prevención e defensa contra incendios
forestais nos anos 2013, 2014, 2015, 2016 e 2017
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 137, do 29.06.2017



7.9 11333 (10/PUP-000096)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores
Sobre as intencións da Xunta de Galicia respecto da realización das
actuacións necesarias para tentar acadar a implantación en Galicia do
Laboratorio Comunitario de Control Bacteriolóxico de Bivalvos

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria a devandita reunión.

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente na data 7/07/2017 14:20:21